REGRESO A REIMS
[*Retour à Reims (Fragments)*, Jean-Gabriel Périot, 2021, Francia, 80', VOSG]

Lingua **Francés**
Dirección, guión e montaxe **Jean-Gabriel Périot**
Voz en off **Adèle Haenel**
Fotografía **Julia Mingo**
Son **Ronald Gohlke**
Música **Michel Cloup Duo**
Produtora **Les Films de Pierre, arte France Cinéma, Institut National de l'Audiovisuel, CNC, Angoa-Agicoa**
Distribución **Atalante Cinema**

Adaptación libre da novela homónima de Didier Eribon, *Regreso a Reims* relata a través de material de arquivo unha historia íntima e política da clase traballadora francesa desde comezos dos anos 50 ata a actualidade.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero.

VINDEIRAS SESIÓNS OUTUBRO

MARTES 25
MEMORIA
(Apichatpong Weerasethakul, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #36
24.10.2022

REGRESO A REIMS

JEAN-GABRIEL PÉRIOT

CINECLUBE PONTEVEDRA | FILMOTECA DE GALICIA

ENTREVISTA A JEAN-GABRIEL PÉRIOT

Como naceu a idea de adaptar *Regreso a Reims* de Didier Eribon, unha historia íntima e política do mundo obreiro? Lin o libro cando se publicou, en 2009. Dez anos máis tarde, a produtora Marie-Ange Luciani propúxome facer unha adaptación. Non adoito aceptar encargas, mais relendo o texto vin como se despregaban posibilidades. Eu non veño dunha familia obreira senón máis ben de traballadores pobres. Un dos meus avós era repartidor de leite, a miña avoa ocupábase dos seus sete fillos. A miña outra avoa era camareira. Ao contrario ca Didier Eribon, non medrei na cultura da clase obreira. Malia esa diferenza, o texto afectoume, recoñecinme bastante nel.

Coma se un sentido da reparación guiase o seu desexo de adaptar esta obra? *Regreso a Reims* permitíame de certo xeito falar da miña propia historia familiar. A miña irmá e mais eu fomos os primeiros en facer estudos superiores. Son, coma Marie-Ange e Didier, o que se chama un tránsfuga de clase. Aceptei adaptar este texto porque sinto que as cuestións políticas que formula me son próximas e porque me permitía traer ao presente imaxes e representacións do mundo do traballo e da condición obreira. Procurar arquivos de testemuños de traballadores e traballadoras que asumen a responsabilidade de contarse a si mesmas, darlles unha forma e mostralos é a miña maneira de darlles un rostro e unha voz a esas persoas e tamén ás persoas da miña familia, excluídas da historia e da representación.

No seu libro, Didier Eribon evoca a súa homosexualidade, a homofobia do mundo obreiro e do seu pai. Por que escolleu non abordar ese tema no filme? *Regreso a Reims* é un texto calidoscópico con moitas temáticas e personaxes. Temía tratalo todo de maneira superficial se o adaptaba integramente. Escollín concentrarme nos pais do autor para construír un relato máis preciso. A historia da nai de Didier Eribon emocionoume especialmente. Era unha muller intelixente que sufriu toda a vida. As violencias que soportou, en calidade de muller, desbordan o simple marco da loita de clases. Prescindindo do personaxe de Didier Eribon eliminaba automaticamente as cuestións ligadas ao tránsfuga de clase e á homosexualidade mais tamén tiña máis espazo para desenvolver a cuestión do lugar das mulleres na historia obreira.

Escolleu por iso a actriz Adèle Haenel como narradora? Este texto ten unha parte case universal. Moitas lectoras e lectores poden recoñecerse, sentirse concernidos independentemente das súas historias persoais. Queriamos abrilo aínda máis por medio da voz en off. Pensamos daquela que debía ser o oposto á voz do autor, unha voz de muller nova para o texto dun home de idade madura. Escoller a Adèle foi unha evidencia. Hai algo na súa voz que me parece popular e que desvela a súa orixe social. Encarna ademais unha nova historia do compromiso e das loitas, a da súa xeración. Todo tiña sentido.

Atopou dificultades na procura de material de arquivo para o filme? Hai oficios, por exemplo, que nunca son representados. É posible atopar imaxes da «aristocracia obreira»: os obreiros da fábrica ou os mineiros. Mais as mulleres da limpeza, pola súa parte, apenas son mostradas na televisión ou no cinema. Se acaso como criadas de comedia. Non atopei sobre elas máis ca un documental e unha ficción, e esta era unha comedia. Dende que xurdiu o Front National hai moi poucas representacións do seu electorado e do racismo. Á parte dun documental sobre Jean-Marie Le Pen, non atopei sobre el máis que breves secuencias compostas de pequenas frases cheas de odio. Non había ningún tempo longo dedicado á comprensión do que estaba en xogo, sobre o porqué do racismo ou o abandono das barriadas por parte dos poderes públicos e a súa conversión en guetos.

Como fabrica os seus filmes? Traballo sempre co mesmo método. O tempo de procura depende sempre da dificultade para acceder aos arquivos. En Francia os arquivos audiovisuais están ben conservados grazas a institucións coma o INA ou Cinéarchives, que gardan as imaxes do Partido Comunista Francés e da CGT, e por produtores coma Pathé e Gaumont. Isto permite ter acceso a bancos de datos limpos e ordenados. Colaboro sempre coa mesma documentalista, Emmanuelle Koenig. Comezamos por inventariar o material fílmico dispoñible e a partir de aí comezo unha primeira montaxe. En paralelo, fago un traballo de investigación case universitario para localizar outros realizadores, filmes e producións. Un traballo de ida e volta entre a montaxe a investigación.

Como calificaría vostede o seu traballo? Eu non utilizo imaxes de arquivo como ilustracións coas que calcar un discurso preestablecido. No meu traballo o arquivo ten tanta importancia coma o texto. Os arquivos preceden o texto ou, cando hai un texto previo, están en relación con el e non subordinados. O filme modifícase e escríbese a partir do que existe, do que atopo. E ao facelo escríbese unha historia da representación. Está moi manido dicir isto pero a representación do mundo, coma a historia, está escrita polos poderosos. Preciso volver continuamente ás loitas sociais, aos acontecementos históricos que quedaron agochados baixo a alfombra, traballar con aquilo que a historia oficial calou. Devólvolles a súa voz ás historias fráxiles, esquecidas, ás persoas deixadas de lado, coma os obreiros. *Regreso a Reims* é para min un xeito de contar outra historia da Francia do século XX.

Publicado en atalantecinema.com.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.